

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DO INTERIOR

5953 *Real decreto 414/2015, do 29 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e dos seus certificados de sinatura electrónica.*

O Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica, permite aos cidadáns españois a súa identificación de forma presencial e virtual mediante o documento nacional de identidade, e posibilita aos seus titulares asinaren dixitalmente documentos electrónicos coa mesma validez legal que ten a sinatura manuscrita realizada sobre papel.

A incorporación ao documento nacional de identidade dos certificados de autenticación e sinatura fai que este documento se constituía nun certificado electrónico recoñecido, mediante o cal se xeran instrumentos seguros de comunicación electrónica que proporcionan a mesma integridade, autenticidade e validez que a que se obtén por medios físicos.

O feito de incorporar certificados electrónicos supón que, no que a estes certificados se refire, o documento nacional de identidade se deba axustar aos principios xerais da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, na cal se fai unha referencia expresa ao período de validez máximo que deben ter os certificados electrónicos e, conseguintemente, os que incorpora o documento nacional de identidade.

A este respecto, en virtude do establecido na disposición derradeira sexta da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, introduciuse un cambio na Lei 59/2003, do 19 de decembro, que supuxo unha ampliación do prazo de validez dos certificados electrónicos, que pasaron de ter unha validez máxima de catro anos a cinco.

O estado actual da tecnoloxía permite garantir a integridade dos certificados electrónicos, mesmo ampliando o prazo da súa vixencia. Pero, ademais, pasar dos trinta meses actuais aos sesenta que se prevén co DNI 3.0 representa unha gran vantaxe para os propios cidadáns posto que, en moitos casos, coincidirá a caducidade dos certificados coa do documento nacional de identidade físico, e así reduciranse á metade as veces que teñan que desprazarse a unha oficina para a renovación dos referidos certificados.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 29 de maio de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica.*

Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 12.1 do Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula a expedición do documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica, que queda redactado como segue:

«1. Con independencia do que establece o artigo 6.1 sobre a validez do documento nacional de identidade, a vixencia dos certificados electrónicos recoñecidos incorporados a el non poderá ser superior a cinco anos.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de maio de 2015.

FELIPE R.

O ministro do Interior,
JORGE FERNÁNDEZ DÍAZ